



**PROGRAMACIÓN DOCENTE DE SAXOFÓN VIII**  
**CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA**  
**TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de Outubro)**  
**CURSO 2024-2025**

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO VIII										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN							ITINERARIOS:	SAXOFÓN	
CARÁCTER:	MATERIAS OBRIGATORIAS ESPECÍFICAS							TIPO DE CLASE:	INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO:	VENTO MADEIRA							XEFE DE DPTO.:	ISMAEL VAQUERO	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DADISCIPLINA:					Pablo Coello
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5H
ECTS/CUAD.	-	-	-	-	-	-	-	-	Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA	
	Pablo Coello							pablocoello@yahoo.es	Venres 11h	
	Jessica Caloto							jesicasaxo@yahoo.es	Venres 10h	

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxia principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	<p><b>T1</b> Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.</p> <p><b>T2</b> Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala axeitadamente.</p> <p><b>T3</b> Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.</p> <p><b>T6</b> Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.</p> <p><b>T13</b> Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.</p> <p><b>T15</b> Traballar de xeito autónomo e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.</p> <p><b>T17</b> Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xenerar valores significativos.</p>
COMPETENCIAS XERAIS:	<p><b>X1</b> Coñecer os principios teóricos da música e ter desenvolvido axeitadamente aptitudes para o recoñecemento, comprensión e a memorización do material musical.</p> <p><b>X3</b> Producir e interpretar axeitadamente a notación gráfica de textos musicais.</p> <p><b>X6</b> Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel axeitado ao seu eido principal de actividade.</p> <p><b>X8</b> Aplicar os métodos de traballo máis axeitados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudiopersoal e na práctica musical colectiva.</p> <p><b>X11</b> Estar familiarizado cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os rasgos estilísticos que caracterizan o dito repertorio e poder describilos de xeito claro e concreto.</p> <p><b>X13</b> Coñecer os fundamentos da estrutura da linguaxe musical e saber aplicalos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.</p> <p><b>X21</b> Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos, tendo desenvolvido a capacidade de expresarse a traveso deles a partir de técnicas e recursos asimilados.</p> <p><b>X24</b> Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional.</p>



COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:

**EI1** Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando axeitadamente os aspectos que o identificana súa diversidade estilística.

**EI2** Construír unha idea interpretativa coherente e propia.

**EI4** Expresarse musicalmente co seu instrumento dun xeito fundamentado no coñecemento e dominio na técnica instrumental e corporal, así como nas características acústicas, organolóxicas e nas variantes estilísticas.

**EI5** Comunicar como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor.

**EI6** Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre interpretación, así como responder ao retoque supón facilitar a comprensión da obra musical.

**EI10** Coñecer as implicacións escénicas que conleva a súa actividade profesional e ser quen de desenvolver as súas aplicacións prácticas.

Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de Outubro

### 3. OBXECTIVOS

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Interpretar un repertorio de obras de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.	T1, T6, T13, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, EI1, EI2, EI4, EI5, EI10
2. Acadar autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc...	T1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6
3. Coñecer as convencións interpretativas de cada estilo e época.	T1, T13, T17, X1, X3, X8, X11, X13, EI1, EI4, EI5, EI10
4. Adestrar a memoria.	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X8, X21, X24, EI2, EI5
5. Coñecer e practicar os diferentes instrumentos da familia do saxofón	T1, T3, T13, X1, X6, X8, X11, EI1, EI4
6. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a rendibilidade do tempo empregado.	T1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X8, X13, X21, X24; EI2, EI4, EI5, EI6

### 4. CONTIDOS

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS *
1. Interpretación	<ol style="list-style-type: none"> <li>Respiración, recursos e exercicios.</li> <li>Sonoridade como base da interpretación.</li> <li>Escalas, arpexios: Escala cromática, diatónica, en terceiras, arpexios (negra 120, en semicorcheas). Escala cromática ata Re sobreagudo. Escalas diatónicas e arpexios con sobreagudo.</li> <li>Articulación (diferentes tipos de picados, ligados, acentos, combinación dos mesmos e traballo axeitado para os mesmos)</li> <li>O fraseo. Aplicación das variedades de articulación e combinacións posibles de sonoridade.</li> <li>Desenvolvemento de exercicios específicos a partir das dificultades ou necesidades atopadas nunha obra ou estudo.</li> <li>Diferentes fragmentos de repertorio seleccionados polo profesor</li> <li>3 Obras do repertorio indicado especificamente para o alumno/a</li> <li>Interpretación en público (convencións e dificultades)</li> <li>Autoaprendizaxe como parte principal da formación do intérprete.</li> <li>Autoavaliación do método de traballo individual.</li> <li>Preparación e realización de probas e audicións de forma autónoma.</li> <li>Participación no ensemble de saxofóns</li> <li>Participación en actividades interpretativas colectivas</li> </ol>	2 L 9Ω(65 min)



2. Análise musical aplicada	1. Contextualización estilística e histórica do material a interpretar. 2. Análise formal aplicada. 3. Análise harmónica aplicada.	9Ω(10 min)
3. Estudio do repertorio con instrumento acompañante.		Presenciais nadi disciplina de Repertorio con pianista acompañante.
4. Coñecemento dos principais compositores, escolas e tendencias da creación musical.		9Ω(5 min)
5. Desenvolvemento da memoria musical.	1. Memorización de exercicios técnicos. 2. Memorización de pasaxes musicais. 3. Memorización de obras breves.	9Ω(10 min)
6. Audición Pública	6.1 Interpretación en público das obras e/ou estudos traballadas en clase e propostas polo profesor. Presentación dun proxecto individual de 30' de duración	3 L
7. Actividades de repaso ou apoio	7.1 Repaso dos contidos realizados e apoio para resolución de problemas	2 L
*Temas aos que se adicará unha sesión completa L		16
*Temas aos que se adicará parte de cada unha das sesións Ω		TOTAL SESIÓNS:

## 5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
<b>1.Actividades introductorias</b> <b>1.1 Toma de contacto (presentación e recuperación de información).</b> Actividade de toma de contacto entre profesor e alumno. O profesor adicará as sesións a coñecer, preguntar e propor, así como a autoavaliar o proceso en función dos resultados.	1'5	0	1'5
<b>2.Actividades de ensino aprendizaxe</b> <b>2.1 Recuperación de lagoas ou ideas erróneas.</b> Actividades de avaliación das capacidades adquiridas polo alumno ao longo da súa formación previa e do seu traballo individual. Propostas de métodos de traballo adicados a acadar novos obxectivos así como a mellorar os aspectos mal asimilados. <b>2.2 Reforzamento e consolidación do traballo.</b> Actividade na que se traballará sobre competencias xa adquiridas para o reforzamento das mesmas e como paso previo ao salto posterior cualitativo e cuantitativo en cada un dos temas propostos. <b>2.3 Elaboración e reelaboración da información.</b> Actividade de reflexión (conxunta na aula e posteriormente individual do alumno) e acción tanto no eido técnico como interpretativo. O alumno será guiado técnica e interpretativamente na aula en cada sesión, requeríndolle en sucesivas sesións a posta en práctica da reflexión, elaboración e reelaboración tanto de exercicios técnicos como interpretativos que o conduzan a unha maior autonomía na resolución de problemas no desenvolvemento do feito interpretativo.	18	63,5	81,5
<b>3.Actividades de consolidación</b> <b>3.1.Audicións públicas de saxofón só.</b> Actividade que consiste na interpretación dunha obra para saxofón só (pode ser orixinal ou transcripción) traballada durante as clases individuais. A actividade será avaliada respectando a porcentaxe especificada nos criterios de avaliación. <b>3.2.Audicións públicas do repertorio con acompañamento de piano.</b> Actividade que consiste na interpretación en público de 2 obras de Saxofón das 3 programadas no cuadrimestre, con acompañamento de piano. A actividade será avaliada respectando a porcentaxe especificada nos criterios de avaliación. <b>3.3.Exames de técnica e estudos.</b> Actividade que consiste nunha proba técnica de tonalidades e estudos seleccionados polo profesor, un deles de memoria (mínimo 4 estudos). A actividade será avaliada respectando a porcentaxe especificada nos criterios de avaliación.	4'5	0	4,5



<b>4. Práctica individual.</b> Actividade individual do alumno na que practicará todos os contidos traballados en clase tratando de acadar os obxectivos descritos na programación.	0	265'5	265'5
<b>5. Pescuda de información.</b> Actividade de pescuda de información por parte do alumno na que complementará o coñecemento dos contidos a traballar investigando sobre os compositores, estilos, contextos históricos, discografía, bibliografía, etc das obras traballadas en clase.	0	5	5
<b>6.Actividades complementarias e extraacadémicas</b> 6.1.Probas, concursos e concertos no centro. 6.2.Probas, concursos e concertos fora do centro. 6.3.Cursos e masterclases con intérpretes de reputado prestixio. Participación en probas, concursos e concertos tanto dentro como fora do centro así como asistencia a cursos e masterclases impartidas por intérpretes de reputado prestixio.	0	2	2
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>360</b>

6. AVALIACIÓN			
PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Interpretación dos exercicios técnicos, estudos e obras propostos polo profesor en cada unha das clases (Caderno de aula)	<ol style="list-style-type: none"> <li>Nivel técnico amosado nas clases.</li> <li>Execución rítmica precisa e segura.</li> <li>Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas.</li> <li>Fidelidade ao texto.</li> <li>Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión.</li> <li>Coherencia e rigor estilística na interpretación.</li> <li>Capacidade autocrítica.</li> <li>Autonomía no traballo amosado.</li> <li>Autonomía na proposición de exercicios para a superación de dificultades técnicas específicas.</li> </ol>	Todas	30%
Audicións públicas do repertorio de Saxofón (Rúbrica)	<ol style="list-style-type: none"> <li>Execución rítmica precisa e segura. (20%)</li> <li>Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. (20%)</li> <li>Fidelidade ao texto. (20%)</li> <li>Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. (10%)</li> <li>Coherencia e rigor estilística na interpretación. (10%)</li> <li>Capacidade autocrítica. (5%)</li> <li>Autonomía no traballo amosado. (10%)</li> <li>Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación de memoria do repertorio. (5%)</li> </ol>	Todas	30%
Exames de técnica e estudos (Rúbrica)	<ol style="list-style-type: none"> <li>Execución rítmica precisa e segura. (20%)</li> <li>Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. (20%)</li> <li>Fidelidade ao texto. (20%)</li> <li>Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. (20%)</li> <li>Coherencia e rigor estilística na interpretación. (10%)</li> <li>Capacidade autocrítica. (5%)</li> <li>Autonomía no traballo amosado. (5%)</li> </ol>	Todas	10%
Aspectos complementarios	Utilización de partituras orixinais	T17	5%
	Participación en ensemble e actividades colectivas	Todas	10%
	Desenvolvemento do proxecto individual	Todas	15%



6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)

<p><b>Audición pública.</b> Interpretación dun estudio e tres obras (Rúbrica)</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Execución rítmica precisa e segura. (20%)</li> <li>2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. (20%)</li> <li>3. Fidelidade ao texto. (20%)</li> <li>4. Interpretación correcta dos signos dearticulación e expresión. (10%)</li> <li>5. Coherencia e rigor estilística nainterpretación. (10%)</li> <li>6. Capacidade autocrítica. (5%)</li> <li>7. Autonomía no traballo amosado. (10%)</li> <li>8. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos einterpretación de memoria do repertorio. (5%)</li> </ol>	<p>Todas</p>	<p>100%</p>
---	--	--------------	-------------

6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Os alumnos que acumulen máis de 3 faltas perderán o dereito á avaliación continua e terán dereito a unha avaliación alternativa.

<p><b>Audición pública.</b> Interpretación dun estudio e tres obras (Rúbrica)</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Execución rítmica precisa e segura. (20%)</li> <li>2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. (20%)</li> <li>3. Fidelidade ao texto. (20%)</li> <li>4. Interpretación correcta dos signos dearticulación e expresión. (10%)</li> <li>5. Coherencia e rigor estilística nainterpretación. (10%)</li> <li>6. Capacidade autocrítica. (5%)</li> <li>7. Autonomía no traballo amosado. (10%)</li> <li>8. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos einterpretación de memoria do repertorio. (5%)</li> </ol>	<p>Todas</p>	<p>100 %</p>
---	--	--------------	--------------

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

<p><b>Audición pública.</b> Interpretación dun estudio e tres obras de diferentes estilos, cando menos unha delas para Saxofón sola (Rúbrica)</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Execución rítmica precisa e segura. (20%)</li> <li>2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. (20%)</li> <li>3. Fidelidade ao texto. (20%)</li> <li>4. Interpretación correcta dos signos dearticulación e expresión. (10%)</li> <li>5. Coherencia e rigor estilística nainterpretación. (10%)</li> <li>6. Capacidade autocrítica. (5%)</li> <li>7. Autonomía no traballo amosado. (10%)</li> <li>8. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos einterpretación de memoria do repertorio. (5%)</li> </ol>	<p>Todas</p>	<p>100 %</p>
---	--	--------------	--------------

**CRITERIO PARA A CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.**

Os alumnos que acaden unha cualificación de 9 poderán ser propostos para obter matrícula de honra.

No caso de que o número de alumnos propostos supere ó número de matrículas de honra posibles, resolverase nas audicións programadas para a avaliación do cuadrimestre.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>



## 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

### **Estudos:**

Londeix, J-M; Nuevos estudios variados (Ed.Leduc)

Koechlin, C. 15 Études

Lauba, Ch ; Neuf études

### **Obras:**

Albright,W; Sonata (Edition Peters)

Bach, J.S; Suites para violonchelo

Berio, L; Sequenza IXb (Universal Edition) / Sequenza VIIb (Universal Edition)

Constant, M; Concertante (Ed. Ricordi)Debussy, C; Rapsodia (Ed. Lemoine)

Denisov, E; Sonate (Ed. Leduc)

Desenclos, A; Prélude Cadence et Finale

Dubois, P-M; Concerto (Ed. Leduc)

Eiras,J; Diacronías (Dos Acordes)

Erkoreka, G; Duduk I (Oxford University Press)

Erkoreka, G; Yidaki

Fedale,I; High

Glazounov, A; Concerto en Mib op. 109 (Ed.Leduc)

Grisey, G; Anubis et Nout (Ed. Lemoine)

Hasquenoph, P; Concertino op. 34 (Ed. Eschig)

Havel, C; Oxyton (Tonger Musikverlag)

Hurel, P; Opcit (Ed. Billaudot)

Ibert, J; Concertino de Camera

Ikuno,K ; Esbozos Fugaces

Jolas, B; Episodie Quatrième (Ed. Leduc)Giner, B; Yod (Ed. Durand)

Lauba, C; Hard (Ed. Fuzeau)

Mantovani,B ; Bug (Ed. Lemoine)

Martin, F; Ballade (Universal Ed.)

Mefano, P; Périple (Ed. Salabert)Newrith, O; Spleen (Ed. Ricordi)

Mihalovici, M; Chant Premier, op. 103 (Ed. i Heugel)

Nodaïra, I; Arabesque III (Ed. Lemoine)

Posadas, A; Anábasis (EMU)

Posadas, A; Veredas

Quisiant,J;Sobre la expresión del movimiento

Rossé, F; Le Frêne Égaré (Ed. Billaudot)

Scelsi, G; Ixor; Maknongan; Tre pezzi (Ed. Salabert)

Schmitt, F; Legende (Ed Durand)

Sotelo, M; Solo (EME); Argos (Universal Edition)

Sotelo, M; Muros de dolor...I (Universal Edition)

Stokhausen, K; In freundschat (Stokhausen verlag)

Tanada,F; Mysterious Morning III (Ed. Henry Lemoine)

Tomasi, H; Concerto (Ed. Leduc)

Torres, J; Épodo (Ed. Témperaments)

Torstensson K; Solo (Ed. Donemus)

Villalobos, H; Fantasía op. 630 (Ed. Southern)



**Libros de consulta:**

Top-Tones for the Saxophone Sigurd M.  
RascherAltissimo Register Rosemary Lang  
Saxophone High Tones Eugene  
RousseauLos Armónicos Pedro  
Iturralde Harmonics Ted Nash's  
Échelles Modales (d'après Messiaen) Hubert Prati  
Escuela Moderna para Saxofón (cromatismos) Adolfo  
VentasEscuela Moderna para Saxofón (arpeggios) Adolfo  
Ventas Preliminary Exercises Ronal L. Caravan  
Hello! Mr. Sax Jean-Marie Londeix  
Le "Thesaurus" du Saxophone Francis  
CournetLes Sons Multiples Daniel Kientzy  
Multiphonics Ken Dorn  
Chops Dan Grasser

**9. OBSERVACIÓNS**

\*Todo o repertorio indicado no apartado 8 ten ponderación 1,0 (100% na cualificación). O repertorio non incluído nesta lista poderá ter, atendendo á súa dificultade e interese musical, unha ponderación do 1,0 (100%), 0,8 (80%), 0,6 (60%), 0,4 (40%) que será de aplicación na cualificación. Esta ponderación será coñecida polo alumno/a no momento da súa programación